

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/15	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

8 de xaneiro de 2026

Duración:

Desde as 20:39 ata as 21:27

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria accidental:

María Josefa Martínez Barros

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	NON
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	NON
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ANA BECEIRO RIVAS (interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
[REDACTED]	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	NON
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VALENTÍN TORRADO BLANCO (informático)	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE DECEMBRO DE 2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de decembro de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 8609/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DECLARACIÓN DO ANO 2026 COMO "ANO CULTURAL VIRXINIA PEREIRA"

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o compromiso que este Concello e o Departamento municipal de Cultura teñen contraído coa promoción e divulgación do legado de persoeiros da cultura estradense.

Vista a disposición do Concello para promocionar os seus referentes históricos e culturais.





Vista a necesidade de reivindicar o legado vital e humanístico dunha muller coma Virxinia Pereira, quen máis alá de ser a esposa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, amosou, coma se pode apreciar no seu epistolario, un firme compromiso coa loita antifascista e a defensa dos dereitos da lingua e da cultura galegas.

Vista a necesidade de resaltar o importante papel que Virxinia xogou á hora de manter vivo o legado artístico e ideolóxico de Castelao.

Vista a proposta de resolución PR/2025/2486 de 19 de decembro de 2025, emitida pola Concelleira delegada de Cultura.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, adoptado na sesión celebrada o 29 de decembro de 2025.

Deliberado sobre o particular, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Declarar o ano 2026 como “Ano Cultural Virxinia Pereira”.

Segundo.- A dita declaración levará aparellada a programación dunha serie de actos para divulgar e poñer en valor a súa figura e o seu legado.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 1 AO 29 DE DECEMBRO DE 2025 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e o 29 de decembro de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-1883 ao número 2025-2115 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, intervén, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguinte persoa asistente no público:

- Dna. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED])



Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinteunha horas e vinte e sete minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/gl/2026/01/09/pleno-concello-de-a-estrada-8-de-xaneiro-2026/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

0258A5F1276BA39440AB79494F3E9AFE20FFA12EA50BC7868C8658ED68CBF8D2

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

